DOCUMENTO TÉCNICO

O proxecto **“Women invisibility in the contemporary History”** foi elaborado coa ferramenta eXeLearning, polo que se arquiva coa extensión .elp (eXeLearning Project), válida para a aplicación.

A ferramenta eXeLearning permite que sexa exportado como un sitio web. A fin de poder subirse a un servidor, neste caso ao repositorio Abalar, exportámolo comprimido nun arquivo zip.

Cada una das catro secuencias que o compoñen, ***Women exploring, Women fighting, Women working*** e ***Women creating***, expórtase no seu propio arquivo comprimido zip, que contén os ficheiros html e demais recursos, de maneira que poden ser utilizados como ODEs independentes.

Para acceder ao recurso cómpre descomprimir o arquivo zip nun cartafol, onde se abrirá o arquivo **index.html.** O resto dos arquivos presentes no cartafol son os recursos aos que recorrerá o proxecto para o seu correcto funcionamento, polo que cómpre a súa conservación, pero non require ningún tipo de interacción.

Para abrir os obxectos de aprendizaxe poden empregarse diferentes navegadores, pero consideramos que FireFox é o máis adecuado, polo que recomendamos o seu uso.

Non se require o emprego de ningunha extensión nin pluggins de terceiros.

Á hora de seleccionar o estilo de eXeLearning tívose en conta o feito de ser un recurso para traballar fundamentalmente na aula, priorizando polo tanto o deseño máis adecuado para tal uso. Quere isto dicir que, aínda que o recurso

pode abrirse desde calquera dispositivo que dispoña dun navegador, non está optimizado para móbiles, xa que consideramos que o emprego dun estilo de deseño adaptable (*INTEF* por exemplo) repercutiría negativamente na súa presentación.

Coma se indica na *Guía Didáctica* e na *Guía do uso para os alumnos,* ao longo das catro secuencias inclúense diferentes ligazóns a páxinas web e vídeos. Conscientes de que ditas páxinas e vídeos poden non permanecer indefinidamente na rede, o desenvolvemento adecuado das diferentes actividades non depende dos mesmos, senón que poden ser substituídos facilmente por outros de contido similar, dada a variada oferta de recursos dispoñibles.